

# SUBIDA AO MONTE DA MURALLA E POZO BASTÓN

18 NOVEMBRO 2023

Club de Montaña O Carroucho

[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)




O sendeiro discorre fundamentalmente por unha paisaxe de montaña, no que o visitante encontraráse con diferentes enclaves naturais, de gran beleza paisaxística, e restos etnográficos que definen as costumes do lugar.

A ruta comeza no pobo da Ermita onde encóntrase o pequeno muiño da Ermita, actualmente en funcionamento, e os Muiños do cubo. Dende este punto iniciarase o ascenso ata o pico do Monte Muralla, encontrando no camiño unha derivación que permite chegar ó Pozo Bastón, piscina natural, que forma o río, convertido nun entorno de gran beleza. No descenso ata o punto de remate pásase polo pobo da Aldea, onde pódese observar un conxunto de hórreo e celeiros, así como desfrutar dunhas fermosas vistas do Val durante todo o descenso. Seguramente a estas alturas xa oiras falar do famosísimo mirador situado no alto do Monte da Muralla, a 679 metros de altitude. Foi inaugurado en febreiro do ano 2020 e convertiúse en todo un referente da comarca. Coñécese como mirador Monte da Muralla ou mirador Pico da Muralla. O que é máis probable, é que non sepas que nesta mesma cume existan os restos doutro elemento do que non moitos repararon a pesar das súas visitas a cume de A Muralla. E é que xa o dí o nome, «A Muralla». Trátase dos restos milenarios dun antigo castro, que por desgraza encóntrase moi deteriorado debido as pistas, actuacións forestais e antenas de comunicacións instaladas sobre él. Se non estás moi posto no tema, pouco ou nada poderás percibir. Deixando o castro a un lado, do que pouco sabemos, imos aló co mirador do Monte da Muralla. Esta plataforma e balcón privilexiado localízase nun punto perfecto para a observación das Rías Baixas, no medio do comezo da península do Barbanza, xusto nos límites de Lousame e Rianxo. A tan só 1 km ao leste encontraremos o cruce de O Treito, onde conflúen ata catro concellos: Lousame, Rianxo, Dodro e Rois. As vistas que poderás alcanzar dende aquí son magníficas, convertendo o mirador do Monte da Muralla en un dos mellores puntos para desfrutar da paisaxe destas comarcas. A túa vista alcanzará en días craros ata os 80 km ao sur, chegando a ver incluso a bocana da Ría de Vigo e as **Illas Cíes**. Como non, tamén Arousa, as illas de Cortegada, A Illa de Arousa, Illas Ons, O Grove e A Toxa.

Tampouco deixaremos de ver as rías de Muros e Noia, Rianxo e A Serra da Barbanza. O monte da Muralla e a serra onde se ubica tampouco salvouse da instalación a primeiros de século dun gran parque eólico composto por 40 turbinas con diámetros entre 47 e 58 metros. En total, este parque eólico do Monte Treito alcanza unha potencia nominal total cercana aos 30.000 Kw.

Xa por último situada na parroquia de Araño no concello de Rianxo está o POZO BASTÓN. Estes pequenos saltos de auga os forma o río Treito (afluente do Té). Sobre o Pozo do Bastón cóntase unha lenda que di que ahí habitan 3 belas mulleres mouras encantadas...

Outro lugar de intese son os Muiños do Cubo.



## DATOS BÁSICOS

COMEZO:	Pobo da Ermita
REMATE:	Pobo da Ermita
DISTANCIA LINEAL:	19 km
DURACIÓN APROXIMADA:	5 horas
DIFICULTADE:	Media
DESNIVEL POSITIVO:	700 m
DESNIVEL NEGATIVO:	700 m



## PRÓXIMA RUTA:

SENDEIRO QUINTÁ – RIO DONSAI

16 DECEMBRO